

Antes de ler :

Como definirías ti a maxia? Es aficionado/a? Alguén da túa familia, amigos ,coñecidos ... practica maxia? Que persoeiros magos famosos coñeces ?Tamén valen persoaxes de ficción(non quedes co primeiro que se che veña á cabeza...hai moitos máis ;

A maxia galega é un acubillo para os sonhos

“Técnica que por medio de trucos,xogos de mans e artificios,provoca o erro dos sentidos, facendo que se tome por real ou posible algo que non o é”.Así é como define o diccionario da Real Academia Galega o termo maxia.Pero a min nunca me convenceu esta definición e decidín lanzarme á procura doutras novas.

Non tardei en descubrir que a maxia é a arte de crear ilusións e debuxar sorrisos.En Galicia temos un amplo abano de ilusionistas que deleitan o público coa calidade da súa maxia en cada actuación.

Para defender e impulsar o ilusionismo galego e situalo nun espazo propio dentro do panorama cultural da nosa comunidade nace a asociación de Magos Profesionais de Galicia (MPG),que pretende que a maxia sexa considerada coma “unha arte con entidade propia”. Un dos obxectivos deste organismo—a futura creación dunha Escola Máxica en Galicia—é “un proxecto a longo prazo,dependente da Xunta e de difícil realización” porque primeiro teñen que existir unhas posibilidades de traballo, un futuro laboral, para as novas xeracións. Unhas posibilidades polo momento inexistentes,pois a maxia profesional é aínda“unha actividade moi recente”.Ademais,esta asociación trata de fomentar o uso da lingua galega dentro do contorno da prestidixitación,xa que“a maxia galega ten denominación de orixe;é especial por moitos motivos e un deles é o idioma”.

NereaPallares,en<http://galiadixital.com/opinion/opinion.3101.php>

Comprensión lectora

1.Cal destas definicións do termo maxia é o que máis se achega á que dá a Real Academia Galega? Marca a resposta correcta:

Actividade á que se dedican os prestidixitadores.

Un acubillo para os sonhos.

Arte de crear ilusións e debuxar sorrisos.

Técnica que por medio de trucos fai que se tome por real o que non o é.

2.Con que fin nace a asociación de Magos Profesionais de Galicia?

3.Cal é un dos obxectivos deste organismo?Por que cren que vai ser difícil conseguilo?

4.QuepretendefomentaraaasociacióndeMagosProfesionais?

5.Sabes algún truco de maxia?Explícao.Se non coñeces ningún,podes atopar información en :

<http://es.geocities.com/lasartesescenicas/magia/trucosdemagia.htm>

Expresión escrita

Escribe en forma de texto as preguntas plantexadas no apartado “Antes de ler” e amplía canto consideres,mesmo contando algún espectáculo de maxia ao que asistiras

Lembra : divide o texto en parágrafos,coida a puntuación ,ortografía...

Investiga

Lugo conta cun Festival de Maxia ,”Lugo Máxico”.

https://r.search.yahoo.com/_ylt=AwrJQ5zHPH9e5h4AGDVU04IQ;_ylu=X3oDMTByaW11dnNvBGNvbG8DaXlyBHBvcwMxBHZ0aWQDBHNIYwNzcg--/RV=2/RE=1585425736/RO=10/RU=https%3a%2f%2fwww.lugomaxico.es%2f/RK=2/RS=.AkIpXYNMzzctJJWnVCCSh4ikEo-